



AXUDAS EN PRAZO PUBLICADAS NO DOGA. ANO 2016.

**MAIS INFORMACIÓN E AXUDA NA TRAMITACIÓN:
ADL CONCELLO DE SOBER. 982460001.**

Orde do 2 de decembro de 2015 pola que se establecen axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de terceiros países e se convocan para o ano 2016.

(Gastos subvencionables: promoción e publicidade, participación en feiras e exposicións, campañas de información, estudos de novos mercados, etc.)

Doga do 14 de decembro de 2015. Nº 237.

Prazo solicitude: ata o 18 de xaneiro de 2016.

Orde do 9 de decembro de 2015 pola que se establecen as axudas aos investimentos para a elaboración e comercialización de produtos vitícolas. Ano 2016.

(Gastos subvencionables: custos de redacción de proxecto, obras de construcción e ampliación, adquisición de equipos e maquinarias, instalacións novas e melloras en adegas existentes, comercialización., puntos de venta directa na adega, puntos de venta fora da adega, desenvolvemento de redes de comercialización, programas informáticos de xestión, etc.)

Doga do 21 de decembro de 2015. Nº 242.

Prazo solicitude: un mes dende a data de publicación.

Orde do 22 de decembro de 2015 de subvencións para fomentar a remuda comercial. Ano 2016.

(Gastos subvencionables: consolidación do sector comercial mediante o fomento e apoio a remuda comercial, asegurando a continuidade dos negocios que veñen funcionando dende máis dunha década, e incentivar aos emprededores que queiran iniciar a súa andadura comercial nun negocio xa posicionado no sector e viable).

Doga do 30 de decembro de 2015. Nº 248.

Prazo solicitude: ata o 31 de agosto de 2016.

Resolución do 23 de decembro de 2015 polo que se anuncia a convocatoria as subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestructuras para proxectos de equipamento térmicos de biomasa destinadas a particulares ano 2016.

(Gastos subvencionables: adquisición de estufas de aire, cociñas calefactoras e xeradores de auga quente, cambio de quimadores, caldeiras de pellets con sistemas de alimentación automática, caldeiras de pellets).

Doga do 30 de decembro de 2015. Nº 248.

Prazo solicitude: un mes contado dende o 30 de xaneiro de 2016.



Resolución do 29 de decembro de 2015 de concesión de axudas de compensacións complementarias e axudas para a reposición dos animais en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún, como consecuencia do sacrificio obligatorio de gando, en execución de programas de erradicación de enfermedades, ano 2016.

Doga do 30 de decembro de 2015. Nº 248.

Resolución do 23 de decembro de 2015 polo que se covocan as axudas ano 2016 aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesado, movilización e comercialización de produtos forestais.

(Gastos subvencionables: investimentos en activos fixos productivos e plans de mellora de xestión empresarial en empresas de aproveitamento e primeira transformación de produtos forestais. Investimentos novos.).

Doga do 30 de decembro de 2015. Nº 248.

Prazo solicitude: un mes contado dende a publicación.

Resolución do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as axudas para a reforestación e para a creación de superficies forestais ano 2016.

(Gastos subvencionables: gastos de plantación forestal e de áreas de defensa contra incendios, infraestructuras de acompañamento ou obras complementarias das novas forestacións. Superficie mínima de actual 3 Ha particulares, 5 Ha montes comunais.).

Doga do 30 de decembro de 2015. Nº 248.

Prazo solicitude: un mes contado dende a publicación.

Resolución do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as axudas para a renovación de cubertas con tella cerámica, ano 2016.

(Gastos subvencionables: Renovacion de cubertas con tella cerámica curva. Subvencion do 40% sobre un máximo de 55 euros/m² de cuberta, as actuacións teñen que cumplir a normativa DB HE-1 limitacion da demanda enerxética.).

Doga do 31 de decembro de 2015. Nº 249.

Prazo solicitude: dende o 20 de xaneiro de 2016 ata o 20 de abril de 2016.

Resolución do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as axudas para a renovación de fachadas e cubertas de lousa, ano 2016.

(Gastos subvencionables: Renovacion de fachadas e cubertas de lousa. Subvencion do 40% sobre un máximo de 70 euros/m² de cuberta, as actuacións teñen que cumplir a normativa DB HE-1 limitacion da demanda enerxética.).

Doga do 31 de decembro de 2015. Nº 249.

Prazo solicitude: dende o 20 de xaneiro de 2016 ata o 20 de abril de 2016.



Orde do 22 de decembro de 2015 de axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios ano 2016.

(Gastos subvencionables: industrias agrarias que non sean bodegas. Construcción, adquisición de maquinarias, programas e equipos informáticos, etc. Investimento mínimo de 30.000 euros.).

Doga do 29 de decembro de 2015. Nº 247.

Prazo solicitude: dende un mes dende a publicación.

Orde do 28 de decembro de 2015 de subvencións para a rehabilitación con granito das fachadas de edificacións de viviendas existentes ano 2016.

(Gastos subvencionables: rehabilitación con granito en fachadas de edificios. Os investimentos deberán cumplir a normativa de edificación DB HE-1).

Doga do 31 de decembro de 2015. Nº 249.

Prazo solicitude: dende un mes dende a publicación.

Orde do 23 de decembro de 2015 de axudas para paliar os datos producidos por lobo ano 2016.

(Gastos subvencionables: Axudas aos titulares de explotacions gandeiras afectadas polo ataque do lobo as reses da súa explotación.).

E obligatorio chamar o número de teléfono 012, no momento do ataque.

Doga do 28 de decembro de 2015. Nº 246.

Prazo solicitude: Danos producidos dende 01 de outubro de 2015 ata o 30 de setembro de 2016.

Orde do 29 de decembro de 2015 de axudas para a promoción do emprego autónomo das persoas novas inscritas no Sistema Naciona de Garantia Xuvenil, con cargo ao programa operativo de emprego xuvenil ano 2016.

(Gastos subvencionables: Promover e axudar a financiar proxectos empresariais viables económica e financieramente que faciliten a creación do seu propio posto de traballo ás persoas novas desempregadas que figuren inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. E queiran exercer a súa actividade empresarial en Galicia.

Doga do 30 de decembro de 2015. Nº 248.

Prazo solicitude: Altas realizadas dende o 01 de outubro de 2015 ata o 30 de setembro de 2016.

Orde do 29 de decembro de 2015 do programa de incentivos a contratación das persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, con cargo ao Programa Operativo de emprego xuvenil ano 2016.

(Gastos subvencionables: Contratación indefinida inicial de persoal mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. E programa de incentivos a contratación temporal do mesmo tipo de persoas.

Doga do 30 de decembro de 2015. Nº 248.

Prazo solicitude: Ata o 30 de setembro de 2016.



Orde do 28 de decembro de 2015 do programa de axudas para o fomento da silvicultura en bosques no medio rural , ano 2016.

(Gastos subvencionables: Axudas para a realización de prácticas preventivas como rozas, clareos, claras e podas, para previr incendios. Axudas para tratamientos silvícolas, claras, clareos, podas talas de formación, rozas, etc.). axuda ata o 100% dos gastos, superficie de actuación mínima: 1 Ha para particulares e 3 Ha para montes veciñais.

Doga do 30 de decembro de 2015. Nº 248.

Prazo solicitude: Un mes dende a publicación.

Orde do 28 de decembro de 2015 de axudas para a promoción do emprego autónomo. ano 2016.

(Gastos subvencionables: Promover e axudar a financiar proxectos empresariais viables económica e financieramente que faciliten a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como persoas traballadoras autónomas ou por conta propia.

Doga do 29 de decembro de 2015. Nº 247.

Prazo solicitude: Dous meses dende a data da publicación. Altas realizadas dende o 01 de outubro de 2015 ata o 30 de setembro de 2016.

Orde do 29 de decembro de 2015 de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinidas de persoas asalariadas ano 2016.

(Gastos subvencionables: Contratación indefinida inicial de persoas desempregadas realizada polas persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con domicilio social e fiscal en Galicia. Axudas dende 4.000 ata 7.000 euros).

Doga do 30 de decembro de 2015. Nº 248.

Prazo solicitude: Ata o 30 de setembro de 2016. As contratacóns subvencionables realizadas entre o 1 de outubro de 2015 e a data de publicación desta orde, deberán presentarse no prazo de dous meses a contar dende a data de publicación desta orde.

Orde do 28 de decembro de 2015, de subvención sao Plan Renove de Fiestras, así como a selección de entidades colaboradoras que participaran na súa xestion ano 2016.

(Gastos subvencionables: Incentivación a rehabilitación dos ocos acristalados da fachada, tanto acristalamiento de marcos ou perfís, co fin de acadar melloras significativas na demanda enerxética do e edificios e o conseguinte aforro enerxético e económico. Axuda de 100 euros por metro cadrado de oco cun máximo de 3.000 euros por vivenda.

Doga do 31 de decembro de 2015. Nº 249.

Prazo solicitude: dende o 1 de marzo ata o 30 de setembro 2016.



Resolución do 23 de decembro de 2015, da Secretaria Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galga, niveis Celga 1, 2, 3 e 4, ano 2016.

(Pessoas destinatarias: maiores 16 anos ou que os fagan antes de finais do ano 2016.

Doga do 7 de xaneiro de 2016. Nº 3

Prazo solicitude: Un mes contado a partir da publicación.

Máis información e axuda na tramitación AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, oficinas concello de Sober. Tlf. 982460001.